A PERSPECTIVA ETNOGRÁFICA

1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTO METODOLÓXICO

Dentro do contexto da **intervención realizada no Concello da Mezquita,** durante os días 25 ó 28 de setembro de 2017, especialmente a referida ó xacemento do **Castelo Pequeño de Santigoso**, realizouse unha tarefa de prospección e contraste de información de corte etnográfico que tivo como base o traballo cartográfico realizado polo equipo de Citania Arqueoloxía S.L.

O "Meniño de Pedra". Linde re_localizada dos términos de Santigoso, Cádavos e Castromil. A Mezquita, Ourense

Respecto deste, a achega etnográfica tivo as características de **acción integrada,** non como unha actividade independente e accesoria. **Coordinada,** xa que desenvolveuse en orde a un plan conxunto e consensuado que priorizaba puntos e áreas de interese. **Transversal,** xa que en tanto que equipo sobre o terreo, os obxectivos neste sentido foron compartidos por todos os integrantes e non abordados como un obxectivo parcial.

O traballo consistiu na **determinación previa** dunha estratexia a seguir en función dos obxectivos marcados, os recursos dispoñibles (especialmente o tempo) e a calidade autoimposta do servizo prestado á administración local e ós veciños e veciñas directamente concernidos. Despois, no **percorrido** sobre o terreo para a localización de puntos de interese prefixados, a **caracterización** dos mesmos en relación ós contidos inmateriais; a **entrevista** de persoas cuxo

espazo vital está determinado pola vinculación ó territorio en cuestión, e a **localización e consulta** adicional de información relevante a efectos de establecer relacións entre as esferas material e etnográfica. Posteriormente realizouse **traballo de oficina** e de procesado de resultados. Dentro desta estratexia acordamos incluír unha **perspectiva etnográfica con base de partida na toponimia escollida e a prospectada.** Centraremos esta breve exposición no traballo desenvolvido na localidade de Santigoso (San Vicente), xa que foi o epicentro ó redor do que gravitou a intervención programada.

2. UNHA INCURSIÓN NA GALICIA INTERIOR

Pouco é o que se sabe de certo das sociedades antigas da Galicia non interior. Pouca arqueoloxía e poucas investigacións, en comparación con outras partes, son as que ilustran sobre o sentido e natureza dunhas sociedades firmemente ancoradas sobre un sistema silvo pascícola de ampla fondura no tempo.

Traballo de campo e documentación material.

Unha serie de factores deben terse en conta á hora de comprender a metodoloxía empregada e a dimensión relativa dos resultados expostos. Estes **condicionantes** son:

A erosión demográfica e sobre_envellecemento característico do área de traballo (e de moitas outras zonas interiores de Galicia) xunto ca desaparición do modelo de vida da sociedade tradicional. En efecto, postos a apañar datos relevantes, como a toponimia ou a tradición oral, a desaparición do segmento de mais idade da poboación implica a apertura dunha fenda no discurso que liga tales contidos ca paisaxe e territorio superposto. Este **hiato** esténdese, nunha apertura progresivamente ampla, cara os grupos de idade mais novos e tende a converterse unha **fenda crono_cultural**. A muda do modelo económico e a perda de peso específico do sector primario co seu sistema pecuario e de aproveitamentos do monte en xeral, desvincula á xente de mediana idade ou menor do **corpus de coñecemento** sobre o cal vimos precisamente a pescudar.

A **limitada extensión no tempo** desta intervención que implica unhas dificultades engadidas á hora de combinar a dispoñibilidade dos veciños e

veciñas ca do equipo de traballo, xa que, ademais, este tamén debeu aplicarse á realización dunha variedade de **outras accións específicas** como se expón nesta memoria.

Entre as persoas **informantes** podemos destacar agora a deferencia e especial dedicación recibidas de parte dalgunhas persoas de Santigoso, núcleo mais próximo ó centro principal das accións descritas neste documento. Así, compre recoñecer á información e tempo dedicado ás nosas averigüacións por parte de Nicolás Blanco Blanco tanto polos datos achegados, a dispoñibilidade ofrecida e o tempo dedicado a acompañármonos nos percorridos polos montes da zona. Tamén a Josefa Vidueira Guerra e a Antonio de Barrio Vidueira, e as familias destas dúas persoas. A José Rodríguez Cruz en calidade de natural e gran coñecedor da zona tamén polos datos achegados.

Polo que á **toponimia** se refire, durante os días de traballo de campo mais os de edición posterior dos materiais obtidos, **manexamos ó redor dun cento de topónimos** que sobre os que, en conxunto, cumpriu localizar sobre o terreo, recoller ex novo, situar correctamente, describir de xeito relevante, relacionar dentro da paisaxe antes tradicional e agora modificada ou comprender dentro dun contexto cultural concreto como é o caso.

Para elo, para facelo ca solvencia exixible, foi preciso poñer en práctica unha observación participante que exixe o manexo dos códigos culturais e lingüísticos que sempre resultan importantes en estudos desta caste. Nesta tarefa, ademais da bagaxe persoal ó respecto, localizamos e empregamos material procesado nomeadamente a tese de doutoramento "*Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita: Tesis de licenciatura dirigida por el catedrñatico Dr. D. Constantino García González y presentada por el alumno Manuel Taboada Cid*"[1] en Santiago de Compostela en febreiro de 1971, á que logo tamén nos referiremos. Ou Rodríguez Cruz J. e Lourenço Fontes A. (2004) "*Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca: A máxica fronteira galego-portuguesa*" Ed Ir indo Edicións. Vigo.

3. SOBRE A RELACIÓN ENTRE TOPONIMIA E ETNOGRAFÍA: UNHA REALIDADE AUMENTADA

O concepto de **"Realidade Aumentada**" que semella estar tan ó uso na actualidade non constitúe unha creación ex novo desta "era da informática". As sociedades tradicionais vivían de feito instaladas dentro dun contexto aumentado ou **"enriquecido"** con contidos culturais. Este panorama, proxectado sobre ó mundo que lles daba soporte, facía e fai posible que individuos e comunidades poidan inter_actuar de xeito mais pleno e consistente dentro do **espazo vital así constituído**, ou mellor dito, así atribuído, xa que territorios, paisaxes e fisiografías asociadas aparecen perante a ollada

[1] Consultada por cortesía da Biblioteca Pública Municipal de Verín.

colectiva tanto como elementos capaces de interpelar como susceptibles de lectura e integración nun discurso que tende a humanizar tales panoramas.

No caso desta intervención no Concello da Mezquita, Ourense, a prospección etnográfica puxo claramente de manifesto **a riqueza** neste sentido **da zona pescudada.**

Case que todos os **micro-topónimos refrescados** mediante esta actuación, e malia as eivas que actualmente gravitan sobre esta caste de intervencións a prol do patrimonio cultural, devolveron o eco ou unha parte do caudal discursivo asociado á paisaxe durante xeracións.

Así, cando recollemos **"As Poulas",** consignamos que nesa montesía "praza" - segundo a terminoloxía local – *"estaba a fonte de pedra onde se ían lava-las mouras do Castro"* (en relación **ó Castelo Pequeno de Santigoso**). Tamén que na **"Poza das Cercas"**, unha estrutura compatible ca idea de aprovisionamento de auga xunto ás murallas e foxos deste "Castro", *" había pozas con escaleiras para andar por baixo da terra"* xa que así o quería a tradición local e tal "confirmaran en tempos" *" os frades das misións"*. Cando Dª Xosefa Vidueira, de Santigoso, (98 anos) comunica estes datos actualiza uns contidos que aumentan o significado e importancia do que hoxe son ruínas e restos dun pasado que convén coñecer e xestionar.

D. Domingo Antonio Vidueira Guerra, ferreiro, faleceu no ano 1968 cando contaba con 91 anos de idade. Por boca da súa sobriña, Dª "Lita" Vidueira, soubemos da importancia das **"Leiras da Carba"**, sitas ó sur do Castelo Pequeno. Nesta praza aparecían *" Tesouros"* como o pendente de ouro atribuído a *"unha moura"* pola informante actual como testemuña do relato do seu devanceiro. Pouco mais abaixo deste lugar, soubemos tamén da existencia da **"Leira do Tesouro"** na que segundo relata para nos, in situ, Nicolás Blanco Blanco, de Santigoso, 63 anos, existe un "pozo con tesouros". Actualmente non pode verse, segundo aclara D. Nicolás, xa que *" foi atuído polo tío Xosé Afonso, que era de Alimondi en Portugal",* co gallo de que ninguén mais puidera beneficiarse das riquezas agachadas baixo a terra. Numerosas referencias aluden a riqueza en tales "tesouros" gardados baixo, e mesmo dentro, de certas pedras destes montes. Seica tantos que chegou a constituír unha caste de aproveitamento mais entre os posibles da contorna. Circulou cando menos un **"Ciprianillo",** libro pretendidamente inventario e metodolóxico da busca destas riquezas arcanas. Tamén neste caso demos cos reputados restos materiais desta actividade cando na procura de gravados rupestres consignados nas fichas de patrimonio atopamos as "pedras reventadas" pola acción de familias e verdadeiros **profesionais da subrepticia industria**.

Restos da procura dos "tesouros" gardados baixo, e mesmo dentro, de certas pedras destes montes.

Noutros casos, o mito popular establece relacións doutra natureza: Quere tamén a tradición que exista un **túnel** que una o "**Castelo Grande de Santigoso"** co lugar da **Esculqueira**, unha aldea e un alto do concello da Mezquita.

Procura da boca do túnel dos Mouros dende O Castelo até á Esculqueira e "boca" deste.

A toponimia do segundo faría referencia á idea de esculcar, axexar, vixiar con discreción. Efectivamente, a altitude do primeiro desta parella vencellada mediante este **procedemento mítico,** permite unha visibilidade plena e recíproca do segundo, que tamén é un alto, inda que mais modesto que o **Castelo Grande.** A distancia entre estas referencias, sobre plano e en liña recta, supera ós **6200 metros** e con seguridade este item cultural ten un valor simbólico que establece unha **equivalencia entre dous promontorios** que constitúen verdadeiras **atalaias** sobre a paisaxe, as vías de paso e os territorios circundantes. O feito de que no caso do Castelo pequeno, de mais de 1300 msnm teña aparecido, nesta intervención, **cerámica medieval,** indica a

conveniencia de posteriores indagacións ó respecto da relación entre dous lugares unidos tanto no plano fisiográfico como no etnográfico.

4. A RELACIÓN UN TANTO "LÍQUIDA" ENTRE A TOPONIMIA E AS COMENENCIAS CULTURAIS.

Outro plano de análise pode ser tamén establecido en relación á relación un tanto "líquida" entre a toponimia e as comenencias culturais.

Un dos mais senlleiros elementos da contorna analizada é o denominado **"Penedo dos Tres Reinos"**. Este fito natural da paisaxe - un rochedo granítico, unha "fraga" na denominación local - tamén o é dende o punto de vista histórico, administrativo e simbólico. Tanto no plano da cultura popular como letrada.

Constitúe este un bo exemplo destas intersecciónns entre esferas de significado xa que dada precisamente a súa importancia simbólica inveterada, foi escollido como marco de deslinde no Tratado de Lisboa, asinado entre España e Portugal o 29 de setembro de 1864, e coñecido como Tratado de Lindes entre España e Portugal ou Tratado de Límites de 1864, titulado ***Tratado de limites desde la desembocadura del Miño hasta la unión del río Caya con el Guadiana entre Espana y Portugal***

Neste documento as partes actuantes acordan establecer e suxeitarse á certas referencias fisiográficas, visuais, na delimitación da "Raia" hispano-lusa. Nos artigo XIV e XV do documento, establecese o "**Penedo de los tres Reinos"** como punto de inflexión da Raia:

> *Articulo XIV. Desde el Portelo del Cerro de Esculqueira ira la raya por las cumbres de este hasta el penasco mas elevado de los de dicho cerro, situado casi a la mitad del descenso del mismo y enfrente del Monte de Castro, (…). En seguida continuarâ (…) y por la vereda llamada Verea Vella* ***hasta el Penedo de los très Reinos*** *donde termina la provincia de Orense.*
>
> *Articulo XV.* ***Desde el Penedo de los très Reinos*** *ira la raya a la Piedra Carvallosa, atravesarâ después el rio Tuela en el puerto de Barreira, y subiendo hasta un punto proximo al Horno de la Cal (…etc)*

Marco 349 ou Penedo dos Tres Reinos ou Fraga dos Tres Reinos.

Podería pensarse que a solidez como elemento indubitable diste fito fixo del un referente nato naquela cuestión, mais a realidade é que no mesmo tratado a denominación do penedo que sinala a linde atribúese a diferentes rochedos ou fragas.

> *"El hito 349 es el muy conocido con la denominación de penedo de los tres Reinos, al este del camino de la Vereda Vieja(…) El hito 350 es natural y está grabado en una peña grande granítica, aislada, en terreno llano a 334 metros del hito precedente. Esta Piedra es conocida como Penedo de Moço o Piedra de los tres Reinos(...)Al sur de este hito y a 100 metros de el, hay una fuente llamada de los Tres Reinos o de Moço que es punto de Raya"*

Vemos como **os marcos fronteirizos 349 e 350** comparten denominación e que, segundo o manifestado, tanto os diferentes penedos e a fonte semellan facer parte dunha área que reclama para si mesma á denominación de "dos tres Reinos".

Inda hoxe, segundo a quen se lle pregunte na zona, indicarán como "verdadeiro" tal ou cal penedo como o dos Tres Reinos.

ACTA GENERAL

DE

DEMARCACIÓN

ENTRE

ESPAÑA Y PORTUGAL

determina una recta cuyo azimut es de 346'56 grados.

El hito núm. 350 es natural y está grabado en una peña grande granítica, aislada, en terreno llano, á 334 metros del hito precedente.

Esta piedra es conocida con el nombre de Penedo de Moço ó Piedra de los Tres Reinos. El azimut de la línea 349-350 es de 355'95 grados.

Al Sur de este hito, y á 100 metros de él, hay una fuente llamada de los Tres Reinos ó de Moço, que es punto de raya.

Sobre una laja rasa de granito en el sitio llamado Penedo do Moço, en un pequeño cerro, está el hito número 351, al S. y próximo al camino que va de Hermesinde á Cádabos. Dista del anterior 305 metros y el azimut de la

Imaxes dos textos do Tratado de Lindes de 1864 (Cortesía d.Xosé Rdz. Cruz)

tinuando después por la Fuente Grande,

Peña de la Hormiga.

En este trayecto se han colocado los hitos desde el número 349 al 394, en las condiciones siguientes:

El hito núm. 349 es el muy conocido con la denominación de Penedo de los Tres Reinos, al E. del camino de la Vereda Vieja, en el punto donde concurren los límites de Portugal y de los antiguos reinos de Castilla y Galicia. El hito está sobre unas rocas que se elevan sobre terreno llano, á 1.560 metros del hito 348, con el cual

5

Tratado de Lindes de 1864 (Cortesía d.Xosé Rdz. Cruz)

Fito 350 Penedo do Moço ou Penedo dos Tres Reinos. (Cortesía d.Xosé Rdz. Cruz)

5. UNHA RELACIÓN SIMBIÓTICA.

Moitas outras denominacións recollidas fan referencia, e son hoxe o **ultimo vestixio,** dunha paisaxe humanizada e da base económica do sistema social ca que tiña establecida unha relación simbiótica. A paisaxe dependía da continua actividade e **actualización polo uso** e "consumo" cotiá, e as comunidades eran viables nos termos así establecidos en tanto as cousas seguisen igual. O *Rebus sic stantibus* do aforismo latino aplicado a este caso.
Unha complexa urde de relacións mutuas e ca terra que a mediados do século XX estaban xa axustadas ó máximo do seu deseño. Nos montes, seguindo unha expresión moi recorrente hoxe en día para referirse a aqueles tempos, " *Non había un guizo"*, non había un pauciño solto para queimar. Toda a materia orgánica aproveitábase dalgún xeito. Esterco animal ou humano, augas, restos de calquera caste. As augas podían ser, por exemplo, **Augas Cabrías** as aproveitables á vontade, ou augas partidas, as sometidas a un reparto de orixe ignota e inmemorial. A xestión non conflitiva dun sistema tan axustado e exixente **requiría dun complexo modelo de interacción ca paisaxe** entre outras áreas de xestión necesarias.

Un síntoma perceptible hoxe daquela realidade é o feito **a grande calidade de detalle daquela toponimia popular.**

Cando, por exemplo, recollemos a denominación de **Camiño de Salamanca ou A Salamanca** como unha zona pola que a tal rota entra ou sae do pobo, estamos coñecendo tamén da existencia dun intenso e **inveterado tráfico** de persoas, bens e servizos que relacionaban esta área sur meridional galega co centro e sur peninsular. A denominación trae conta, segundo recollemos, do trasego establecido non solo ca área salmantina, senón de mais aló onde moitas persoas desprazaban o seu espazo vital para traballar en oficios diferentes, ou para comerciar, servir e mesmo ficar definitivamente, sendo isto ás veces un conflito que cumpriu resolver mediante unha expedición de busca que rematou ca "repatriación" dalgún díscolo pai de familia acomodado como criado nalgún "cortijo" do sur onde os traballos mais duros semellaban menores que a vida cotiá do planalto da Mezquita.

6. A ACHEGA ETNOGRÁFICA

Así, cada lugar ou recuncho con nome garda memoria e da **conta inventariada** de usos e **produtos, especies e calidades sen as que o territorio daría en ser unha masa informe, un magma sen sentido e sen posibilidade de xestión e beneficio**. Por elo mesmo, e para calquera xestión futura, compre recoller toda a información factible ó respecto.
Se **As Marxas,** por exemplo, indican o límite do aproveitamento hortícola e de foresta mansa en xeral, ese indicador pode resultar conveniente, como resultou no pasado. Cando o sitio de **O Colmear** evidencia a aptitude apícola, non resulta extrano que así o siga sendo. Bubela, na imaxe.

As Casetas indica a área interior dentro do gran castro do Castelo Pequeno na que existían presuntamente unhas edificacións xa arruinadas cando **Lisardo Blanco, falecido no 1966 ós 93 anos**, case ficou esmagado por un derrumbe das paredes das mesmas nunha invernía na que procuraba cazar coellos no medio da neve (unha práctica moi recorrente na zona, segundo o averigüado).

Unhas paredes altas dabondo como para que as bubelas (Upupa epops L.) unhas aves migratorias, niñaran inda nelas.

Tamén que nese sitio aparecían pedras que, *segundo os vellos de antes,* eran muíños *para facer papas.*

Tamén pola toponimia inferimos a existencia de **A Torre** na praza de **O Bosque,** o cal exixiría mais investigacións ó respecto. E tamén por este procedemento podemos saber cal é, segundo a tradición, a **Casa Primeira** ou a mais antiga do pobo de Santigoso.

A consulta da obra "*Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita: Tesis de licenciatura dirigida por el catedrñatico Dr. D. Constantino García González y presentada por el alumno Manuel Taboada Cid*"[2] en Santiago de Compostela en febreiro de 1971, permitiu achegar datos de grande utilidade para determinar unha estratexia de comprensión de certos elementos. Dunha banda esta obra permite **contrastar achegas** actuais e doutra indica relacións que serían xa de moi difícil percepción dada a escaseza do tempo dispoñible e a desaparición progresiva de informantes que poidan facer de "sonda" do pasado recente e as súas características.

Por exemplo, resultaron abondosos os topónimos como **Cabeza, Cabeciña ou Cabezo.** Segundo recolle Manuel Taboada o masculino indicaría a superficie chairega dun monte, mentres que o feminino remite cara a idea de monte redondeado. **Castelo** indica un "monte cónico" segundo Taboada, e **Touza,** por exemplo, un monte con carballos.

Compre ter en conta estas e outras moitos matices xa que o termo **"Bruxa"** nestas partes indica ós remuíños nas augas, e o **Arado** é a constelación da Osa maior**. O Petal** é unha represa dun muiño e a súa presenza indica a do enxenio hidráulico malia que moitas veces non se conservan nin un nin outro. **Formigo, formigoso ou formiga**, son moitas veces referentes que indican certa enfermidade (a onomicose, ou tiña das uñas) dos pezuños dos ungulados, un aviso pois, dentro dun modelo de xestión colectiva dos montes. A achega etnográfica, recen encetada con esta intervención, marca pois (ou pode facelo) **fluxos predominantes de información** dentro do contexto estudado. Por exemplo, cando recollemos os usos e costumes relacionados co vizoso entroido desta parte, vemos unha relación moi marcada entre tres lugares: **Santigoso, O Pereiro** e **Castromil.**

[2] Consultada por cortesía da Biblioteca Pública Municipal de Verín.

Mediante a memoria da desaparecida Sra. Clarisa, de Santigoso, verdadeira factotum e catalizadora social desta festa e outras relacións sociais, sabemos como o radio de acción cotiá do solar dos Castelos pequeño e Grande e arredores podía chegar até S. Martín de Castañeda na veciña Comarca sanabresa. Ou cal era o sentido das relacións entre os Tres Reinos aquí confluíntes: Galicia Portugal e Castela.
En palabras de Carlos Barros[3], (Barros C. 1994)

> *Que el norte de Portugal y Galicia tengan una historia común hasta el siglo XII no es algo que se pueda olvidar al estudiar las relaciones posteriores entre las dos orillas del rio Miño.*

Pode que esta afirmación sexa acaída tamén en relación a territorios coma os que agora examinamos, xa que a natureza mesma do estado medieval fai que a súa capacidade de influencia como condicionante da vida social nas pretendidas lindes sexa moderada e que, polo tanto, predominasen o que o mesmo Barros cualifica de "relacións fluídas" e que explique que:

> *los señores actúen a veces como si fuesen subditos de dos reyes: iglesias y monasterios gallegos mantenían relación y recibían donaciones indistintamente del rey de Castilla y del de Portugal.*

Axudar a comprender cal foi e, parcialmente, é inda a base sociolóxica e antropolóxica das realidades dunha área de confluencia mais que de "fronteira" coma esta pode ser unha digna misión que xustifique a inclusión dunha achega etnográfica con base toponímica como a que pretendemos realizar nesta ocasión.

---

[3] "La frontera medieval entre Galicia y Portugal", Medievalismo, Madrid, nº 4, 1994, pp. 27-39.

7. A XEITO DE CONCLUSIÓNS

A achega etnográfica pode axudar nos seguintes obxectivos:

1 As paisaxes e territorios precisan dunha xestión continua e eficiente. Para elo o coñecemento do pasado resulta fundamental xa que del traen conta as realidades presentes e futuras. Tamén no caso do Concello da Mezquita.
2 Toda xestión ten como destinatarias finais ás persoas en tanto que seres sociais. Resulta pois, moi indicado incluír dende estadíos moi temperás, unha perspectiva que vaia acomodando a necesaria aplicación duns recursos executivos limitados a unha pluralidade de aplicacións diversas e alternativas entre si. Ou, por exemplo, saber se dada unha situación e panorama demográfico e económico contrastado, resulta mais efectivo planificar unha concentración parcelaria ou algún outro instrumento de xestión. A fin dun modelo socioeconómico de montaña como o presente, representa unha oportunidade para reformular un novo modelo de desenvolvemento con base endóxena e autóctona. O cal implica meirandes posibilidades de éxito de implantación.
3 A zona de actuación neste caso, resultou ter unhas notables características susceptibles de desenvolvemento e aproveitamento en base á creación de novos contidos baseados nun pasado material e inmaterial monumental.

8. RESUMO BIBLIOGRÁFICO E WEBGRAFÍA CITADA

- BARROS GUIMERÁNS C. "La frontera medieval entre Galicia y Portugal", Medievalismo, Madrid, nº 4, 1994, pp. 27-39.
- RODRÍGUEZ CRUZ J. E LOURENÇO FONTES A. (2004) "*Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca: A máxica fronteira galego-portuguesa"* Ed Ir indo Edicións. Vigo.
- TABOADA CID, M. (1971) Santiago de Compostela. "*Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita: Tesis de licenciatura dirigida por el catedrñatico Dr. D. Constantino García González y presentada por el alumno Manuel Taboada Cid.*
- *VV. AA. Treaty on boundaries between Spain and Portugal from the mouthof the Minho river to the junction of the Rio Caya with the Guadiana.* Texto trilingüe. En Repositorio de Tratado Internacionais de Nacións Unidas. 29 de Setembro de 1864. Data de referendo e rexistro 21 de setembro de 1982, España. Número de Volume da UNTS (1288 p. 243-274) Nº de rexistro 906. Consultado en: https://treaties.un.org/Pages/showDetails.aspx?objid=08000002800e04 d8 o 2 de Outubro de 2017.